ISABEL GARCÍA-RODEJA GAYOSO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do día catorce de maio de dous mil nove, tomou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.-*Comisión Xeral de Validacións e Recoñecementos*

Crease a Comisión Xeral *de Validacións e Recoñecementos* da USC que estará composta por:

- O vicerreitor de Oferta Docente e EEES ou persoa en que delegue que a presidirá
- O/A vicerreitora adxunta de Oferta e Xestión Académica
- A secretaria xeral ou persoa na que delegue
- Vinte profesores, catro por cada gran área de coñecemento, asegurando a representación dos dous campus e que deberán ser nomeados polo Consello de Goberno.
- Un funcionario/a do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica que actuará de Secretario
- Un funcionario/a do Servizo de Xestión Académica
- Un funcionario/a da Oficina de Análise de Reclamacións
- Dous estudantes representantes do Consello de Goberno

A Comisión poderá funcionar en pleno ou en subcomisións segundo a distribución de asuntos que se aprobe nun Regulamento de Réxime Interno que deberá ser ratificado polo Consello de Goberno.

SEGUNDO.- *Competencias*

Son competencias da Comisión as seguintes:

- Emitir informe sobre as solicitudes de homologación de titulacións estranxeiras que corresponda resolver a USC.
- Emitir informe sobre a solicitude de equivalencia de titulacións estranxeiras para acceso a estudios.
- Realizar instrucións e establecer criterios comúns para todos os centros en materia de validacións e recoñecementos.
- Vixilancia no cumprimento das normas en materia de validacións, adaptacións, recoñecementos e transferencia de estudios.
- Informe sobre as impugnacións contra as resolucións ditadas en materia de validacións, adaptacións, recoñecementos e transferencia de estudios.
- Aprobación e modificación de táboas de recoñecemento, validación ou adaptación de estudios, que poderán ser aplicadas de xeito directo polas unidades de xestión.
- Promover sistemas automatizados de validación e recoñecemento.
- Elevar propostas de mellora
- Emitir informe sobre normativas nestas materias.

TERCEIRO.- *Réxime de reunións e Acordos*

A Comisión reunirase ordinariamente unha vez ao mes para a resolución dos asuntos encomendados ou nos períodos que estime o Presidente en función dos asuntos pendentes.

Con carácter previo e para cada expediente deberá existir un informe para cada asunto que será obxecto de debate. Corresponderá a un ou varios membros da comisión, en función da materia e dos acordos internos de reparto de asuntos, facer a proposta de informe para cada caso.

Corresponderá ao Servizo de Xestión Académica a tramitación previa dos asuntos e ditar calquera acto de trámite previo para que a Comisión poda dispoñer da información de acordo coas normas de cada procedemento establecidas pola USC. Así mesmo corresponderá á OAR a tramitación previa, emisión de informes e propostas de resolución das impugnacións contra as decisións ditadas en primeira instancia sobre validacións, adaptacións, recoñecementos e transferencia de créditos e outros de xestión académica tramitados pola Oficina de Análise de Reclamacións

Para a válida constitución da comisión deberá estar presente, en primeira convocatoria, a metade dos membros que a compoñen e o Presidente e o Secretario ou quen faga as súas veces. En segunda convocatoria será válida a constitución cun terzo dos membros incluído o Presidente ou Secretario ou quen faga as súas veces.

En calquera momento de tramitación dun asunto o Presidente poderá solicitar cantos informes técnicos ou información lle sexa requirida aos servizos, unidades ou membros da Comunidade Universitaria, que deberán emitila no prazo de dez días.

CUARTO.- *Efectos*

Os informes emitidos serán preceptivos e non vinculantes para o órgano que resolva o expediente. As instrucións serán vinculantes para os membros da comunidade universitaria. Os acordos adoptados esgotarán a vía administrativa e contra eles poderase presentar recurso contencioso- administrativo.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a dezanove de maio de dous mil nove, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor

SIGILLUM REG. UNIVERSITAT. COMPOSTELLAN

Senén Barro Ameneiro